

## **CONCELLO DE MEIRA**

Praza do concello s/n.  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



**Concello  
de Meira**

## **BASES PARA A CREACIÓN DE UNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES CONTRATACIÓNS LABORAIS NA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIRA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO.**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto destas bases é a regulación do procedemento para a formación dunha bolsa de emprego co que poder contratar en réxime laboral de carácter temporal profesorado da Escola de Música Municipal de Meira e por mor de baixas, acumulacións de tarefas, interinidades e outras continxencias que poidan producirse.

As funcións das persoas contratadas serán as propias da súa categoría laboral e en todo caso as seguintes:

- Impartir as horas lectivas da especialidade correspondente na Escola de Música Municipal.
- Outros cometidos que lle sexan asignados de acordo co disposto no Regulamento da Escola de Música.

O proceso selectivo será o concurso, que consistirá na valoración dos méritos alegados polos aspirantes, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro (en adiante TRLEBEP).

As presente bases, deixan sin efecto as anteriores bolsas de emprego creadas por este concello para posibles contratacións laborais na Escola de Música do Concello de Meira.

### **2.-ESPECIALIDADES.**

Crearase una lista por cada unha das especialidades que se imparten na Escola de Música Municipal de Meira que son as seguintes.

- SAXOFÓN
- GAITA
- VENTO METAL
- PERCUSIÓN
- CLARINETE
- ACORDEÓN
- PIANO

### **3.-NORMATIVA APLICABLE.**

Ao presente procedemento seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo, e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf/Fax.: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas de reforma para a función pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na administración.
- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia.
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2021.

Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

### 4.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de grao medio da especialidade á que queira optar. Tamén poderán presentar solicitude os que se atopen no último curso e que aínda non teñan o título. Con estes últimos elaborárase unha lista independente por especialidades que terá carácter subsidiario con relación ás listas prioritarias dos que contén coa titulación esixida.
- d) Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

f) Estar en posesión do certificado de ausencia de delitos de natureza sexual.

### 5.-INSTANCIAS.

5.1.-As persoas que desexen entrar a formar parte desta bolsa para substitucións, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se lles facilitará nas dependencias municipais e serán dirixidas ao señor alcalde da Corporación.

5.2.-Para ser admitidos, bastará con que os aspirantes manifesten na súa solicitude de participación, que reúnen todos e cada unha das condicións esixidas na base 4, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

A autoridade que convoca, por si ou a proposta do tribunal, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os aspirantes, para os efectos procedentes.

5.3.-Coas instancias deberanse achegar todos os documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura nas bases. A falta de acreditar os méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración destes.

5.4. As instancias presentaranse no rexistro xeral do Concello (praça do Concello s/n, 27240 Meira) nos **DEZ DÍAS NATURAIS SEGUINTE A PUBLICACIÓN DO ANUNCIO CORRESPONDENTE NO BOP DO LUGO**. As instancias poderán presentarse, por correo certificado ou por outros medios, en calquera dos lugares establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as instancias se envíen por correo certificado, o aspirante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao alcalde a remisión da instancia mediante télex, fax, telegrama, correo electrónico (concello.de.meira@eidolocal.es) o mesmo día.

### 6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES E TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Contra esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de cinco días naturais dende a súa publicación nos medios establecidos no parágrafo anterior. No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma listaxe definitiva de aspirantes ao proceso selectivo.

6.2.-No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora na que o Tribunal procederá á valoración dos méritos achegados polos aspirantes.

## **CONCELLO DE MEIRA**

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf/Fax.: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



**Concello  
de Meira**

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse na páxina web do Concello e no Taboleiro de edictos da Corporación.

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLEBEP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario ou persoal laboral que se designe pola Alcaldía-Presidencia, xunto co seu suplente.
- 3 vogais (funcionarios ou persoal laboral) designados pola Alcaldía-Presidencia xunto cos seus suplentes.
- Secretario: o da Corporación ou quen lle substitúa.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

### **7.-VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS.**

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes:

A puntuación máxima que se poderá obter é de 10 puntos, e virá determinada pola suma das puntuacións outorgadas na valoración dos méritos alegados polos aspirantes.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

#### **7.1.VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

7.1.1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máximo 5 puntos)

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf/Fax.: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

-Por experiencia profesional como profesor/a desa especialidade en Escolas Municipais de Música ou conservatorios. Valorarase a razón de 0,10 puntos por mes de servizos ata un máximo de tres puntos.

-Por outra experiencia profesional, como profesor/a desa especialidade en Asociacións Culturais, ou Bandas de Música. Valorarase a razón de 0,05 puntos por mes de servizos ata un máximo de un punto.

Por outra experiencia profesional directamente relacionada coa docencia musical. Valorarase a razón de 0,04 puntos por mes de servizos ata un máximo de un punto

A xustificación deste apartado farase coa presentación de contratos de traballo e vida laboral para os casos nos que a contratación fora en réxime laboral ou certificado de servizos prestados no caso de relación funcional.

7.1.2. COÑECEMENTO ACREDITADO DO IDIOMA GALEGO: (máximo 2 puntos).

-Curso de iniciación ao galego (CELGA 3): 1 punto.

-Curso de perfeccionamento (CELGA 4): 2 puntos.

Soamente se valorará o grao superior alegado.

A xustificación deste apartado farase coa presentación do correspondente certificado oficial.

7.1.3. TITULACIÓN: (máximo 1 punto)

-Contar coa titulación oficial superior á requirida como obrigatoria, ben grao superior ou licenciatura. Valorarase con 1 puntos

Este apartado xustificarse mediante certificado oficial do centro no que se teña cursado dita titulación.

7.1.4. CURSOS, GRABACIÓNS E PREMIOS: (máximo 2 puntos)

-Cursos musicais específicos impartidos en conservatorios ou centros de música autorizados. Valorarase cada un deles con 0,25 puntos ata un máximo de 1 punto.

-Gravacións de discos, publicacións relacionadas co ámbito musical, ou premios como solista ou formando parte dun grupo musical. Valorarase cada un deles con 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos.

-Cursos realizados relacionados con técnicas musicais. Valorarase cada un deles con 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos.

## 8.-PUBLICACIÓN DAS LISTAXES.

8.1. Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador propondrá á alcaldía unha lista por cada unha das especialidades, que se exporán no taboleiro de anuncios do concello e na paxina web, e contra das mesmas poderán presentar reclamacións os

## **CONCELLO DE MEIRA**

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf/Fax.: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



**Concello  
de Meira**

interesados/as no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa exposición.

8.2. Transcorrido este prazo, e no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicaranse as listas definitivas polos mesmos medios.

### **9.-PROCEDEMENTO PARA CUBRIR AS INCIDENCIAS TEMPORAIS EXISTENTES.**

9.1.-Cando resulte necesario cubrir calquera das prazas de profesor da Escola de Música Municipal, avisarase aos integrantes da listaxe da especialidade correspondente polo orde que figuran nela.

9.2.- Este aviso farase de forma individualizada para cada candidato a través dos medios de comunicación que facilitase: teléfono, correo electrónico, fax ou calquera outro que permita ter constancia da recepción. No caso de que, nos tres días hábiles seguintes non se conseguise contactar co/a interesado/a procederase a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia.

9.3. A renuncia non implicará a eliminación da lista.

9.4. Unha vez personado o/a aspirante, formalizarase o correspondente contrato laboral de acordo á normativa vixente.

8.5. Unha vez finalizado o período de contrato, o/a aspirante reintegrarase nas listas na orde correspondente.

8.6. No momento de cubrir as baixas existentes os/as aspirantes non poderán estar matriculados como alumnos/as da Escola de Música Municipal de Meira.

### **10.-NORMA FINAL.**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do concurso-oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto a normativa recollida nas presentes bases.

Meira, 2de xullo do 2021

O Alcalde

Asdo. Antonio De Dios Álvarez

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf/Fax.: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE AS BASES DAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE PROFESORADO PARA A ESCOLA DE MUSICA DO CONCELLO DE MEIRA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO.**

DONA/DON

.....  
....., con DNI, NIE ou pasaporte número  
..... e enderezo en  
.....  
.....

#### **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- A) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- B) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- C) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto que se convoca.

Lugar, data e sinatura.

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

### MODELO DE INSTANCIA.

D. .... con  
D.N.I. num.....e con domicilio  
en....., nº..... piso.....  
C.P. .... Tfno.: .....

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Meira, para a contratación de profesorado para a Escola de Música en réxime laboral temporal e, de acordo ás bases publicadas no Taboleiro de anuncios e na páxina web, que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas Bases, e comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado,

**SOLICITA:** Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do título esixido nas bases da convocatoria.
- Certificado de ausencia de delitos de natureza sexual.
- Documentos acreditativos ou fotocopias, dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración do proceso selectivo.

Meira a de de 2021

Asdo.